

**ACTA NUMERO TRINTA E CATRO DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN
SESIÓN ORDINARIA O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL
DEZ : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D. Salvador Duran Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Ángel Casal Moldes
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D. Martín Otero Otero
- D. Mario Caldas Agís
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. Albino Caneda González
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. Manuel Lores Puente
- D. José Ramón López Fernández
- D. José Luís Rodríguez Lorenzo

NON ASISTE:

D^a Gloria González Camiña

INTERVENTOR:

D. José Juan vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de Maio de dous mil dez, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesiões os/as Sres. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ó obxecto de tratar os asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria.-----

A) PARTE DISPOSITIVA :

ACTA ANTERIOR :

397 : APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE MARZO E 20 DE ABRIL DE 2010 : Pola Sra. Presidenta pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, aprobáronse as referenciadas actas por unanimidade dos membros da Corporación presentes.-----

398 : PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO Á DETERMINACIÓN DA MODALIDADE DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA : Polo Sr. Secretario dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de data 27 de Maio de 2.010 sobre esta proposta.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, manifestou que se trataba de decidir a modalidade de xestión do servizo e na proposta se optaba pola concesión administrativa mediante a que a empresa adxudicataria realizaría o servizo cos seus medios técnicos e humanos correndo o risco correspondente.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, dixo que 151 días despois do remate do contrato anterior se presenta unha proposta que amosa a incapacidade do goberno municipal para plantexar unha opción a longo prazo. Engadiu que a proposta debería vir acompañada dun informe económico respecto do custo da asunción directa da xestión polo concello. Estrañouse que dunha proposta de 20 anos máis 5 de duración e 54 millóns de euros, coa que non estaban de acordo ao ser desproporcionada no aspecto económico e de prazo, se pasara a que se trae agora. Tamén aludiu a que a alcaldesa dixera que non existía ningún informe encargado polo goberno municipal cando si existe e o ten el, está feito por unha empresa e pregunta quen o encargou, canto custou e a cargo de que partida municipal se financiou. A Sra. Alcaldesa sinalou que o manifestado polo anterior interveniente era falso.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, aludiu a que en 60 días se cambiou unha proposta de 25 anos e 54 millóns de euros por unha prórroga de 18 meses, sendo a diferenza que a proposta anterior era realmente a da alcaldesa e lembrando que no anterior pleno o Sr. Casal Moldes indicou que se estudarían novas variables económicas que non se traen agora, xa que a proposta actual é simplemente unha continuidade da existente.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, e en referencia ao informe citado na intervención do Sr. Otero Domínguez precisou que quen mentía era a alcaldesa posto que el tamén tiña o informe en discusión e por suposto el non o encargou. Continuou para sinalar que no anterior pleno este asunto quedou sobre a mesa para un mellor estudo e agora se trae unha proposta que non ten nada que ver coa anterior, tal vez porque VIPS, no seu día, dixera que o pleno debía reunirse urxentemente para buscar unha solución a situación ilegal na que se atopa este servizo. Amosouse a favor do prazo de 18 meses, aínda que tal vez debía discutirse a posibilidade de xestión directa polo concello para poder dar emprego en tempo de crise, abogou pola separación dos dous contratos (recollida de residuos e limpeza viaria) e a que se retirara do custo o material xa amortizado e de propiedade do concello dende o 31 de decembro de 2009, data de remate do anterior contrato.

O **Sr. Casal Moldes** indicou que había que centrarse no punto da orde do día e debater sobre o tipo de xestión (directa ou indirecta) do servizo e manifestou que tal vez debería lembrarse como funcionaba o servizo cando o anterior interveniente era alcalde, algo que os veciños xa saben, en cambio, na actualidade, o servizo segue prestándose

O **Sr. Otero Domínguez** preguntou canto valería a prestación directa do servizo, cales serían os seus custos, considerou esta proposta como mero formalismo e unha manifestación da incapacidade para facer unha a longo prazo, logo das discrepancias existentes no grupo de goberno municipal. Tamén dixo que o informe citado na súa primeira intervención foi parte do proceso de toma de decisión e non entrou polo rexistro. A **Sra. Alcaldesa** puntualizou neste intre que se trataba dunha proposta dunha empresa e non un informe e que por suposto, non entrou por rexistro de entrada como tantas outras propostas que lle chegan ao grupo de goberno. O **voceiro do BNG** preguntou quen encargou o informe e canto custou e a **Sra. Alcaldesa** respondeulle que lle preguntara a quen lle facilitou a proposta.

A **Sra. Aguín Pombo** dixo que nos últimos cinco meses non traballaron para facer unha proposta a pesar de ter os concelleiros dedicacións exclusivas ou parciais e que sospeita de diferenzas de criterio con respecto a este tema no grupo de goberno o que amosa a pouca credibilidade e influencia que ten a alcaldesa no seu propio goberno.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, logo de sinalar que a presidenta estaba intervindo coas súas interrupcións máis que os concelleiros no debate, dixo que o Sr. Casal lle está custando moito defender este punto que supón un cheque en branco á alcaldesa para facer o contrato sen ter que vir ao pleno. Aludiu a que esperaba que o prego se fixera ben, que se separaran os servizos e quen non se esixira a nave porque custaría máis o contrato.

O **Sr. Casal Moldes** reiterou que se cinguiría a orde do día e, respecto da influencia da Sra. Alcaldesa, indicou que manda no seu grupo, no cal traballan todos os concelleiros e engadiu que podíanse preguntar polas facturas pendentes deste servizo cando entrou a gobernar o grupo popular. O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou neste intre que tamén el podería preguntar sobre as facturas dos alcaldes anteriores ao seu mandato.

A **Sra. Alcaldesa** comezou sinalando que as facturas eran de, aproximadamente, 20 millóns de pesetas, solo en reparacións de camiós e dixo que o servizo, sen contrato, funciona ben e, onde os partidos na oposición en Sanxenxo gobernan, funciona mal e con folgas o que amosa que, onde hai xestión, se nota porque se solucionan os problemas antes de que se produzan. Respecto do documento de proposta aludido polo Sr. Otero Domínguez sinalou que se tratou no grupo de goberno, non na Xunta de Goberno municipal e que a presente proposta é un exercicio de responsabilidade posto que deixará resolto o servizo durante este verán e o seguinte, xa coa vindeira corporación. A interveniente defendeu a proposta traída no seu día cun prazo amplo para amortizar o que se cedía ao concello e con dez anos para renovación do material, prazo, o total, semellante ao que figura nas concesións dos concellos onde gobernan PSOE e BNG. Polo que respecta a preparación do contrato para unha determinada empresa indicou que este concello era dos poucos que publicaba os contratos negociados no perfil do contratante, podéndose presentar quen o considerara oportuno o que era unha mostra de transparencia. Finalmente, aludiu a que a proposta no pleno anterior se retirou porque non se obrigara a ningún corporativo a que vote o que non cre.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, en quenda de explicación de voto, dixo que a anterior intervención da alcaldesa foi un discurso político polo que cambiaba o voto e lembrou que foron os compañeiros da alcaldesa os que lle obrigaron a retirar a proposta no anterior pleno.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor** : nove (**Grupo Municipal do P.P.**).

Votos en **contra** : **cero**.

Votos pola **abstención** : sete (**Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto**).

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

-Manter a concesión administrativa como forma de xestión do **Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza Viaria** durante o período **máximo de 18 meses**, debendo axustarse a nova concesión as condicións de prestación da anterior, tanto en canto a forma de desenvolver o servizo, como a súa contía (**1.075.000 € anuais I.V.E. incluído**) para non alterar os parámetros económicos fixados no presuposto”.

399 : PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN A APROBACIÓN DUN CONVENIO ENTRE OS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, MARÍN, POIO, BUEU E SANXENXO E A “SOCIEDAD ESTATAL AGUAS DE LA CUENCA DEL NORTE, S.A.” (AQUANORTE) : Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de data 27 de Maio de 2.010 sobre esta proposta.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, aludiu a importancia dun investimento de 6.200.000 euros no concello, dividido en tres exercicios, financiado con fondos europeos nunha porcentaxe cercana ao 45% e respaldado polo Ministerio de Medio Ambiente, o que supoñía unha oportunidade que non se podía desperdiciar.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, empezou dicindo que van a apoiar a proposta porque non se pode deixar escapar este investimento pero precisou que a día de hoxe o concello de Sanxenxo non pode asumir as cantidades que figuran como investimento para os anos 2012 ou 2013, o que lle parece paradóxico cando, no seu día, se dixo que este era un concello rico e probablemente, no futuro, terá que venderse patrimonio ou aumentar impostos para financiar a achega municipal do que que culpa a mala xestión económica do grupo de goberno.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo** manifestou que ían a votar a favor da proposta.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto** resaltou que dende o mes de decembro se manifestou a favor desta obra e que non so había que contemplar o custo senón, sobre todo, as necesidades que se van a cubrir coa obra, a pesar do sinalado no informe de intervención e tamén do que non se citan nel os aproximadamente dez millóns de euros que podería ter que aboar o concello no caso de que resolucións xudiciais así lle obrigaran por diversas reclamacións.

O **Sr. Casal Moldes** sinalou que agradecía o apoio de todos os grupos a esta oportunidade que tería que compatibilizarse co risco que supoñía afrontar a achega municipal e indicou que no propio informe de intervención se aludía a determinadas opcións, engadindo, respecto da mala xestión do grupo municipal, que grazas a ela o concello tiña un patrimonio municipal do solo valorado en 50 millóns de euros que non ía a malvender.

O **Sr. Otero Domínguez** preguntou canto hai na caixa e dixo que o modelo urbanístico aprobado polo grupo popular non tivo en conta o abastecemento de auga e por iso hai que aproveitar todas as posibilidades para remediar este erro.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** explicou que o goberno municipal non era responsable de que o concello tivese o patrimonio do solo, senón o aproveitamento que a lei do solo lle concede e que os promotores lle ceden, lembrando a merca de Punta Vicaño, coa que si estaba de acordo pero non coa celeridade que se fixo e con un prezo superior ao que se debía pagar.

O **Sr. Casal Moldes**, respecto do aludido polo Sr. Rodríguez Lorenzo, dixo que este goberno foi quen de aprobar un plan xeral o que non conseguiu o aludido interveniente na súa época de alcalde e respecto das obras de abastecemento dixo que este concello era o único de toda Galicia que tiña un plan director de abastecemento e saneamento aprobado.

A **Sra. Alcaldesa** indicoulle ao voceiro do BNG que non debeu ler o aludido plan director para permitirse dicir que era necesario esta obra porque non se tiña en conta a sostibilidade no plan xeral. Tamén amosou a súa estrañeza porque a oposición neste punto apoie compromisos do concello por un período de 45 anos e, en cambio, estean en contra dunha concesión por 20 anos como a da recollida de lixo. Por último indicou que coa compra de Punta Vicaño se aforraron 3 millóns de euros respecto a se se tivese que acudir a un expediente de expiación.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que a Corporación Municipal, pola unanimidade dos seus membros presentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o convenio, conforme á versión 100416, entre os **Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Bueu e Sanxenxo** e a sociedade estatal **Aguas de la Cuenca del Norte, S.A.** para a construción e explotación da actuación “**NOVO ABASTECIMIENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA**”, que prevé para o Concello de Sanxenxo unha inversión entre os anos **2011 e 2013** de **6.256.683,22 euros**.

SEGUNDO: Aprobar o compromiso de incluír nos orzamentos do concello para os anos 2011, 2012 e 2013 as seguintes cantidades correspondentes á inversión por anualidade para a execución da obra que figuran no Anexo III do convenio e que a continuación se detallan, tendo en conta que a súa financiación deberase realizar conforme aos criterios expostos nos informes de intervención que figuran neste expediente de datas 3 e 20 de maio de 2010.

Ano 2011: 186.585,74 €

Ano 2012: 834.148,03 €

Ano 2013: 1.174.392,61 €

TERCEIRO: Aprobar a previsión do compoñente fixo da tarifa que no seu día terá que abonar o Concello de Sanxenxo que figura no Anexo IV do convenio e que ten por obxecto compensar os custes de inversión financiados con fondos propios de “aquaNorte”, os gastos xerais da sociedade estatal na parte proporcional que lle corresponda desta actuación e os deterioros do valor da infraestrutura hidráulica que se poderán producir durante a súa vida útil.

CUARTO: Cara a fase de explotación da infraestrutura hidráulica e a súa posible incidencia na actual concesión administrativa dos servizos de abastecemento de auga a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais vixente ata o ano 2019, prever a posibilidade dunha modificación deste contrato entre as dúas partes e con referencia aos anos 2014 a 2019 a efectos de compatibilizar o sistema de explotación previsto no convenio e a propia concesión administrativa.-----

400 : EXPTE. U-601/05 DE “EMPROSAL 16, S.A.”, “LANZAGOLF, S.L.” E “LLAVE DEL AÑO, S.L.”. PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE URBANISMO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL DO SOLO URBANIZABLE Nº 13 DO PXOU DE SANXENXO : Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudio, Informe ou Consulta de Urbanismo de data 27 de Maio de 2.010 sobre esta proposta.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, resaltou a importancia deste plan parcial tanto pola súa superficie, máis de un millón de metros cadrados, como polo dous sistemas xerais onde se pretenden ubicar o campo de golf municipal, fundamental para conseguir un desestacionamento turístico e o lugar onde se establecerá o patrimonio cultural do concello.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, dixo en primeiro lugar que neste plan se trocou o sistema de cooperación polo de compensación, de xeito que onde antes dirixía o concello agora non é así, aínda que o máis chamativo é o troco de cartos pola exención da obrigatoriedade de adicar chan a vivenda protexida, cando, a día de hoxe, os promotores xa solicitaron a devolución do diñeiro ao concello e o asunto está pendente no xulgado. Intentouse conseguir garantías coa ratificación do convenio pero os promotores deste solo, ao contrario que os do SU-14, non o ratificaron, co que existen aínda menos garantías en favor do concello, como se deduce dos informes xurídicos que obran no expediente. Á vista da situación debeuse plantexar unha negociación coas empresas para a retirada do contencioso o que amosa a mala xestión do concello.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, subliñou a existencia de tres informes xurídicos con requirimentos á asesora para que se pronuncie e, a pesar diso, non se di nada. A propia asesora non informa o convenio e ten que realizar o xerente informes complementarios e, por último, é o propio interventor o que solicita da asesoría que se chegue a unha conclusión sen que se diga nada. Todo o relatorio anterior lle parece vergoñento e que pon nunha situación complicada ao concello cando este asunto, como é previsible, termine no xulgado e se pregunta cal é a garantía xurídica.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que non sabe porque os propietarios regalan ao concello 3,8 millóns de euros, o que pasou e que cambiou a lexislación estatal e agora os promotores teñen a obriga de facer vivenda protexida. O interveniente reconece que, se fose goberno municipal, trataría de facer o mesmo e destaca que os informes tratan de escorrer o vulto para evita-la devolución. Non obstante o manifestado vai a votar a favor porque o plan xeral está aprobado e a súa ordenación hai que respecta-la, todo elo independentemente de que, probablemente, o propio plan parcial xa está aprobado por silencio administrativo.

O Sr. Casal Moldes sinala que si existe un solo urbanizable incluído dentro do plan xeral os seus propietarios teñen dereito a desenvolvelo, outra cousa é o convenio, xa que pode aprobarse perfectamente o plan parcial sen este. Sinalou que os informes están claros, tanto no referente ao plan parcial como ao convenio e o seu número é consecuencia da propia complexidade do expediente. Tamén incidiu en que o convenio asinouse en 2007 para cambiar o sistema de actuación, logo, como consecuencia da entrada en vigor da Lei 6/08, se introduxo a obrigatoriedade da inclusión de vivenda protexida, sen que o concello tivese nada que ver. En resumidas contas, a aportación foi unha achega voluntaria.

O Sr. Otero Domínguez aludiu a que agora tratábase de quitarlle importancia ao convenio cando con motivo da aprobación do plan parcial do solo urbanizable nº 14 se o era. Volveu a incidir en que a achega económica está reclamada en vía xudicial e que non existen garantías polo que lembrou a tódolos concelleiros o que estaban votando. O interveniente manifestou que el se atopaba en contra do modelo urbanístico previsto para Sanxenxo, pero aquí existen connotacións xudiciais que obrigan a necesidade de abrir un proceso de negociación cos promotores. Por último puntualizou que cando o goberno municipal aprobou a Axenda 2015 se valorou Punta Vicaño en 6 millóns de euros e, finalmente, pagáronse máis de 7.

A **Sra. Aguíñ Pombo** dixo que a súa intervención referíase a informes obrantes no expediente e non trataba de confundir nin enganar, lembrando que foi o propio interventor o que pediu que no informe xurídico se chegue a conclusións e figure unha proposta de resolución, preguntándose que era o que pensaría un xuíz cando vira isto, estando en xogo case 4 millóns de euros.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que el era perfectamente sabedor do que votaba en cada punto da orde do día e que podía non estar de acordo co PXOM pero, unha vez aprobado, hai que acatalo, por iso ía a votar a favor desta proposta. Prosegiu dicindo que foi a aprobación da lei estatal, coa eliminación da exención da vivenda protexida, a que está provocando en parte este debate, cando, no seu día, esta eliminación podía verse debida a dificultade de ter este tipo de vivenda neste solo, incluso polo custo de mantemento. O interveniente manifestou o seu apoio a non devolución, aínda que lle parecía que habería que devolvelo.

O **Sr. Casal Moldes** reiterou que o convenio se realizou para cambialo sistema de actuación e díxolle á voceira do grupo socialista que lera os informes, xa que son bastante claros. Ao Sr. Otero Domínguez lembroulle que o expediente está perfecto, contando, incluso, co ISA, polo que debía aprobarse, independentemente de que outros sigan dicindo non por sistema.

A **Sra. Alcaldesa** subliñou que parece difícil nestes tempos aprobar un plan parcial destas características e lembrou que, aínda que se dera o peor dos casos, o concello non perdía os cartos, senón que tería que devolvelos, engadindo que o que se acordara neste pleno é o plan parcial e non o convenio, recalcando que o maior problema para a defensa da achega era a non aprobación do plan parcial. Tamén dixo que os informes hai que saber interpretalos con sentido común e que en ningún caso existe garantía absoluta de gañar un preito no xulgado, pero neste caso, unha vez emitidos todos os informes, era unha responsabilidade traer este asunto ao pleno, lembrando finalmente que non foi o concello o que aprobou a Lei 6/08 que variou as regras do xogo no planeamento urbanístico.

O **Sr. Interventor** indicou que el fiscalizou o expediente á vista dos informes e aludiu a que non entendía que se tivesen que devolver as achegas porque, con todo respecto as decisións xudiciais, cría que o estado e as administracións non poden vender o exercicio da súa vontade por unha entrega de diñeiro.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** intentou volver a intervir, non concedéndolle a palabra a Sra. Presidenta, ante o que subliñou que o interventor xogou con vantaxe ao intervir no último lugar, sinalando a **Sra. Presidenta** que si falou porque ela deulle a palabra.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : dez (Grupo Municipal do P.P. e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra : tres (Grupo Municipal do B.N.G.)

Votos pola abstención : tres (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Aproba-lo desenvolvemento do Plan Parcial do Solo Urbanizable nº 13 do PXOU de Sanxenxo (SU – 13) polo Sistema de Compensación.

SEGUNDO: Estima-las Alegacións formuladas por D^a. Amparo Magdalena Pombo (presentada o 1 de decembro de 2005), por D. Jose Maria Pérez Magdalena (presentada o 10 de maio de 2007, Rexistro de Entrada nº 2307), e por D^a Raquel González García (presentada no Rexistro do Concello co numero 1851, o 5 de maio de 2008) exclusivamente no estimado no Informe do Arquitecto Municipal de data 3 de novembro de 2008. Desestima-las restantes Alegacións en base ó manifestado nos Informes Técnicos e Xurídicos que obran unidos o expediente.

TERCEIRO: Non prestar aprobación ou ratificación ao texto definitivo do Convenio Urbanístico de data 12 de agosto de 2009, ao ter sido rexeitado por “EMPROSAL 16, S.A.”, “LANZAGOLF S.L.” e “LLAVE DEL AÑO S.L.” consonte ao disposto no art. 237.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

CUARTO: Prestar Aprobación Definitiva ao Plan Parcial, adaptado á Memoria Ambiental, para o desenvolvemento do Solo Urbanizable nº 13 (SU-13), sito no lugar de Monte Faro, de 9 de xuño de 2009, redactado polo Enxeñeiro de Camiño, Canles e Portos D. Roberto Aya Duarte (Interurban S.A.), e visado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiño, Canles e Portos o 9 de xullo de 2009, coa incorporación ao mesmo do Plan Director de Infraestruturas de Abastecemento e Saneamento do termo municipal aprobado por acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria celebrada o 3 de novembro de 2006, co Plan Cuatrienal de Investimentos e Financiamento incluído nos orzamentos dos exercizos 2007, 2008, 2009 e 2010, e do Anexo de Investimentos do Plan de Abastecemento e Saneamento incluído en ditos exercizos; todo elo ao abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

QUINTO: Consonte dispón a Memoria Ambiental emitida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Desenvolvemento Sostible de data 30 de marzo de 2009, a posta en funcionamento dos usos previstos no Plan Parcial do SU-13 queda supeditada á previa execución das obras contempladas no Plan Director de Abastecemento e Saneamento Municipal, no que lle afecte, que permitan dotar ao sector destes servizos en condicións adecuadas para os usos e intensidades previstos. Asemade os promotores da actuación deberán abona – las achegas imputadas para dito Solo Urbanizable que se contemplan no Plan Director Infraestruturas de Abastecemento e Saneamento do termo municipal aprobado por acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria celebrada o 3 de novembro de 2006, actualizadas se fose preciso, en cumprimento da obriga prevista no art. 16 R.D. Lex. 2/2008, e 22 da Lei 9/2002, de 30 de novembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia (LOUGA); e o desenvolvemento da actuación deberá acomodarse ao do Plan Director de Abastecemento e Saneamento de referencia.

SEXTO: Ter por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias de parcelación, edificación e demolición no ámbito do SU-13, conforme o disposto no art. 77.3 parágrafo segundo da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia

SÉTIMO: Publica-lo acordo de aprobación definitiva do Plan Parcial do SU-13, no prazo dun mes dende a súa adopción no Diario Oficial de Galicia e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial de Pontevedra, ao abeiro do disposto no art. 92.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Notificar dito Acordo persoalmente aos propietarios afectados e aos demais interesados no expediente.

OCTAVO: Comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, conforme o disposto no art. 92.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o acordo de aprobación definitiva do Plan Parcial do SU-13 e, á vez, darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente, con tódolos planos e documentos que integran o Plan sobre o que tivera recaído o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar dito extremo, referindo no anuncio de aprobación definitiva a remisión da documentación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

NOVENO: Segundo o disposto no *art. 14 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente*, unha vez aprobado definitivamente o Plan Parcial, porase este a disposición do órgano autonómico competente en materia ambiental, así como ás outras Administracións consultadas, debendo conte-la documentación que se refire no indicado precepto.-----

401 : PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE URBANISMO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA Nº 10 “ESPAZOS LIBRES DE USO E DOMINIO PÚBLICO” DA NORMATIVA DO PXOU DE SANXENXO : Polo Sr. Secretario dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudio, Informe ou Consulta de Urbanismo de data 27 de Maio de 2.010 sobre esta proposta.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, matizou que a modificación era para permitir instalacións deportivas cos servizos necesarios para a súa práctica en espazos libres sempre que estea xustificada a súa implantación no medio circundante e que unha finalidade concreta da modificación era viabilizar o centro de piragüismo en Baltar.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, indicou que apoiarían a modificación, aínda que consideraban mellor outras ubicacións para o centro de piragüismo, pero, en ningún caso, isto podía servirle ao grupo de goberno para xustificar o inxustificable como é o atraso na consecución deste centro deportivo.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que votaría favor da proposta.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, tamén aludiu a que apoiaría a proposta polo que se pretende facer, aínda que non lle parece a mellor ubicación porque este é un concello turístico e espera que coa construción no se tape nin un so metro do plano de auga visto dende arriba, pregando que se ande con coidado na redacción do proxecto de execución da obra.

A **Sra. Alcaldesa** coincidiu cos anteriores intervinientes en que esta non era a ubicación ideal pero era a que o club de piragüismo solicitaba e a que se pretende viabilizar, posto que a presentada no seu día non se puido levar a cabo pola oposición de Costas do Estado e a do porto non podía ser pola súa incompatibilidade, pero o club de piragüismo non pode seguir na situación actual, polo que ten que irse a esta solución ata que haxa outra opción, como un novo proxecto no porto.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que a Corporación Municipal, pola unanimidade dos seus membros presentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestima-la Alegación formulada por **D. Germán Sande Soto** en data 3 de decembro de 2009 (Rex. Entrada nº 4195), fronte á Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Sanxenxo, no que respecta ao texto da **Ordenanza nº 10 de “Espacios Libres de Uso e Dominio Público”**, en base ao disposto no informe do Arquitecto Municipal de 6 de abril de 2010.

SEGUNDO: Prestar **Aprobación Provisional á Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Sanxenxo**, no que respecta á **Ordenanza nº 10 “Espacios Libres de Uso e Dominio Público”**, en base ao texto refundido redactado polo Arquitecto Municipal, D. Rafael Vázquez Abal, o 9 de abril de 2010.

TERCEIRO: Remiti-lo Expediente completo á Comisión Superior de Urbanismo de Galicia para a emisión do Informe ao que se refire o art. 94.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) e, consonte ao disposto no art. 85.7 do mesmo corpo legal, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras aos efectos da aprobación definitiva da presente Modificación Puntual.-----

402 : PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO “REGULAMENTO MUNICIPAL DO PROGRAMA PAIFILLONAP” : Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudio, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de data 27 de Maio de 2.010 sobre esta proposta.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do BNG**, subliñou que no seu día se dixo que o artigo 6 que establecía preferencia para os veciños de Sanxenxo era ilegal e, ante a súa pregunta de cal era o informe que sustentaba esta opinión e que artigos se conculcaban, non se contestou. Agora se pretende a aprobación definitiva da modificación do regulamento cando xa se outorgaron as prazas en base a esta modificación non aprobada, cando tivo que facerse tendo en conta o regulamento anterior, o que considera irregular. A desestimación é por un tecnicismo, non polo fondo do artigo, razón pola que considera que neste proceso se actuou con criterios políticos.

A **Sra. Aguíñ Pombo, concelleira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que votaría favor da proposta.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, salientou que votaría favor para que siga adiante este programa.

A **Sra. Alcaldesa** considerou patéticos os esforzos que estaban a facer o **BNG** para estar en contra deste acordo. Lembrou que no propio artigo 18 do regulamento e no seu anexo, que asigna catro puntos aos veciños de Sanxenxo, se manifestaba a preferencia en favor destes, engadindo que a modificación do artigo 6 foi única e exclusivamente para equiparar o seu texto co da ordenanza fiscal, parecendo que o **BNG** metía alegacións para que non se aprobase definitivamente o regulamento, tal vez porque o que terían que dicir era que estaban en contra do programa.

A **Sra. Fernández Agraso** deixou claro que o **BNG** estaba de acordo co servizo pero non coa supresión da preferencia, que se indicaba no artigo 6, para os veciños de Sanxenxo, baseándose nunha ilegalidade non xustificada e, por riba, se adxudican as prazas deste ano en base a este regulamento e non ao anterior, co que se crea inseguridade xurídica e se fai unha “chapuza” debéndose haber programado e resolto todo con máis tempo, posto que xa se sabía que este servizo ía a existir no verán.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que non existía informe escrito, senón verbal, respecto do artigo da ordenanza, modificándose o regulamento para estar de acordo coa ordenanza.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : trece (**Grupo Municipal do P.P. , Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto**).

Votos en contra : cero.

Votos pola abstención : tres (**Grupo Municipal do B.N.G.**).

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: DESESTIMAR a alegación presentada por D^a Sandra Fernández Agraso en base ao manifestado no informe de secretaría de data 20 de maio de 2010.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DO PROGRAMA ‘PAIFILLONAI’ que consta de 28 artigos, 4 disposicións finais e 4 anexos.

TERCEIRO: Publicar o texto íntegro desta modificación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.-----

403 : PROPOSTA CÓDIGO DE BUEN GOBERNO LOCAL : Polo Sr. Secretario dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de data 27 de Maio de 2.010, que literalmente di :

“”””5º) PROPOSTA CÓDIGO DE BO GOBERNO LOCAL :

Visto que tal como consta na certificación do acordo adoptado na sesión plenaria de 25 de Xaneiro de 2010, a Corporación acordou encargar a redacción do texto do código no proponente da Moción D. José – Luís Rodríguez Lorenzo, concelleiro representante de VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo).

Visto que consta no expediente a presentación por parte do Sr. Rodríguez Lorenzo, do borrador dun texto de Código de Bo Goberno Local para incorporar ó regulamento e normas internas, que consta de 22 artigos.

Durante o desenvolvemento do debate a Sra. Presidenta propón modificar o Artigo 8 do Código na parte do texto que di : “los concejales deberán responder” , por “los concejales procurarán responder”.

Igualmente no Artigo 11 o parágrafo final corríxese do xeito seguinte : “.....recibirán resposta en el menor plazo posible dentro del marco legal establecido”.

A petición da Sra. Presidenta o Concelleiro poñente do texto do Código D. José – Luís Rodríguez Lorenzo accede a retirar do mesmo os Artigos 13 e 18.

Na lectura dos artigos do texto presentado, prodúcese intervencións e comentarios por parte dos presentes que deron como consecuencia as modificacións antes reseñadas.

Remata a quenda de intervencións e sometido o punto a votación, acadou o resultado seguinte :

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto)
Votos pola Abstencións: 7 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

Consecuentemente, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por maioría, acorda ditaminar favorablemente o texto do Código de Bo Goberno Local na forma presentada polo concelleiro poñente, coas modificacións que afectan ós Apartados 8 e 11 e eliminado do mesmo o que recollían os Apartados 13 e 18, quedando formado tal texto por 20 Artigos solicitando do Pleno Municipal a aprobación do texto presentado e corruxido na forma expresada””””

A Sra. Alcadesa agradeceu ao Sr. Rodríguez Lorenzo que no seu día retirara a moción respecto deste asunto a efectos de retomala en comisión en busca dun consenso.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, respectou o traballo realizado polo concelleiro poñente que partiu da base da redacción dada pola FEMP, aínda que non estaba totalmente de acordo por canto o asunto ten certa dose de demagogia e oportunismo ao non incluír medidas comprometedoras para o goberno municipal, non entendendo a eliminación do artigo 18 referente ao debate do estado do municipio.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que votaría favor do código, aínda que o texto do documento recolle, na súa maioría, obviedades.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, tamén agradeceu que este asunto fora a comisión informativa para o seu debate e que todos puideran facer aportacións, tal e como debería facerse noutras moitas ocasións. Sinalou que non é unha copia exacta do código da FEMP, senón que se adaptou á Sanxenxo e que o traballo non é demagórico posto que entón a FEMP tamén o sería cando o aprobou. Finalmente aludiu a que a el tamén lle gustaría ter incluído o punto do debate e outros que estaban, pero que, cando se negocia, tódalas partes teñen que ceder, non obstante o cal, diríxese aos concelleiros presentes para que reflexionen sobre o interese da celebración deste tipo de pleno.

O **Sr. Otero Domínguez** recalcou que non se refería ao Sr. Rodríguez Lorenzo cando cualificou de demagórico e oportunista o código, xa que o concelleiro partiu dunha proposta orixinal da FEMP, preguntándose que alcance ten este código cando moitos alcaldes, a maioría do PP, están inmersos en casos de corrupción e se están poñendo trabas á actuación xudicial.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** deuse por enterado das verbas do anterior edil polas que aclaraba que os cualificativos de demagórica e oportunista non eran referidos a el e indicou que ninguén é responsable do que fagan os demais.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que, evidentemente, corruptos existen e, se aos que actúan así, non os frea o código penal menos o vai facer un código de bo goberno local, pero, en todo caso, considera oportuna a aprobación deste código unha vez presentada a moción para evitar comentarios respecto dos supostos motivos da non aprobación. En canto á supresión do debate sobre o estado do concello considerou que había que evitar mais formalismos e que, por outra banda, xa se debate suficientemente nos plenos a situación municipal.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor** : trece (**Grupo Municipal do P.P. , Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto**).

Votos en **contra** : cero.

Votos pola **abstención** : tres (**Grupo Municipal do B.N.G.**).

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

-Aprobar o CÓDIGO DE BO GOBERNO LOCAL na forma presentada polo concelleiro **D. José Luís Rodríguez Lorenzo, representante do Grupo Mixto (VIPS)**, coas modificacións que afectan ós **Artigos 8 e 11** e eliminado do mesmo o que recollían os **Artigos 13 e 18**, con respecto ao texto da proposta inicial, quedando formado por **20 Artigos**, e co seguinte texto literal :

CÓDIGO DE BO GOBERNO LOCAL

Artigo 1.- Os membros da Corporación deberán desempeñar o seu cargo con arranxo á lexislación e actuar en todo momento con arranxo á mesma, servindo ao interese público, desempeñando as súas funcións con dilixencia, transparencia e vontade de responder as súas decisións.

Artigo 2.- Os representantes públicos deberán de absterse de exercer as súas funcións ou utilizar as prerrogativas do seu cargo no interese privado de persoas ou grupos de persoas co obxectivo de obter un beneficio persoal directo ou indirecto dos mesmos.

Artigo 3.- No desempeño das súas funcións, os Concelleiros deberán absterse de calquera conducta que se considere, con arranxo á lexislación vixente, como suborno pasivo ou activo.

Artigo 4.- Os Corporativos deberán comprometerse a respectar a disciplina orzamentaria e financeira, que garanta a correcta administración do diñeiro público, tal e como se definen na lexislación.

Artigo 5.- Os membros da Corporación, formularemos, ao comezo e final do mandato, declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que nos proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos. Faranse públicas as declaracións de bens, de actividades e causas de posible incompatibilidade, conforme aos modelos que serán aprobados polo Pleno.

Artigo 6.- Trasladaranse ao Rexistro de bens e intereses os cambios patrimoniais ou de actividades que teñan lugar durante a súa pertenza á corporación municipal, no prazo de tres meses dende que se produzan.

Artigo 7.- Os membros da Corporación serán responsables ante todos os veciños durante o seu mandato; debendo ofrecer motivos detallados de calquera decisión que tomen, especificando todos os factores nos que se basea a mesma e en particular, as normas aplicadas.

Artigo 8.- A Corporación comprométese a evitar calquera nomeamento de persoal administrativo baseado en principios distintos do recoñecemento dos méritos e competencias profesionais.

Os concelleiros procurarán responder dilixentemente, con honradez a calquera solicitude de información formulada polos medios de comunicación en relación co desempeño das súas funcións, debendo incentivar e promover calquera medida que fomente a cobertura por parte dos medios, o desempeño das súas funcións e o funcionamento dos servizos e departamentos ao seu cargo.

Artigo 9.- Non se aceptarán agasallos por parte dos membros da Corporación que vaian máis aló dos usos sociais habituais, nin compensacións ou favores que poidan condicionar o desempeño das súas funcións. Existirá un rexistro na Secretaría Xeral do Concello para garantir a transparencia.

Artigo 10.- Crearase unha Comisión de Control e Seguimento na contratación pública para garantir que tanto a contratación realizada polo Concello como polos seus organismos autónomos e empresas de capital municipal leve a efecto baixo os principios de transparencia, legalidade, publicidade e libre concorrancia.

Artigo 11.- A administración municipal serve aos intereses xerais, contando con recursos humanos e materiais suficientes; por iso, tanto as suxestións, peticións e reclamacións que se lle dirixan os cidadáns e co fin de que participen e estimulen a vida pública e sendo tamén os que a pagan, recibirán resposta no menor prazo posible dentro do marco legal establecido.

Artigo 12.- O Goberno local manterá reunións periódicas coa oposición, para dar conta das iniciativas e proxectos, así como para facilitar os acordos e a gobernabilidade da Administración Local.

Artigo 13.- As empresas públicas ou con participación pública aplicarán a súa xestión de códigos éticos de conducta e criterios de estratexia de Responsabilidade Social Empresarial.

Artigo 14.- Publicarase detalladamente o procedemento de concesión de subvencións e axudas con determinación da contía e beneficiario, e con máximo nivel de transparencia acerca das persoas xurídicas solicitantes e os grupos das que dependan.

Artigo 15.- Facilitarase o acceso da cidadanía á información, especialmente aos documentos administrativos, así como ao contido e execución dos orzamentos e á situación dos proxectos do concello.

Artigo 16.- Impulsarase a aplicación da Lei de Acceso Electrónico dos Cidadáns á Administración.

Artigo 17.- Publicaranse para coñecemento da cidadanía as retribucións íntegras, así como as compensacións económicas que perciban os membros da Corporación, respondendo aos criterios obxectivos do orzamento e a situación financeira municipal.

Artigo 18.- A Corporación Municipal de Sanxenxo entende que a democracia representativa e a democracia participativa non son alternativas contrapostas, senón que se complementan e reforzan a unha á outra. Por outra banda, un movemento asociativo sólido e unha sociedade participativa e ben estruturada resultan imprescindibles para a profundización da democracia local, polo que fomentaremos unha Administración relacional, dialogante, que implique e consulte á cidadanía e aos diferentes axentes económicos, sociais e culturais, facilitando as canles e os medios necesarios.

Artigo 19.- Aseguraremos o dereito á información entre a cidadanía e os representantes locais, aproveitando ao máximo as tecnoloxías da información, a cuxa utilización se contribuirá decididamente.

Artigo 20.- A Corporación de Sanxenxo incorporará ao seu ordenamento, a través do regulamento Orgánico, os principios e normas contidos neste Código".-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

404 : POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NAS COMISSIONS INFORMATIVAS : Polo Sr. Secretario dáse lectura ao escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular (P.P.), no Rexistro Xeral do Concello, con data 12 de Abril de 2010, que literalmente se transcribe :

“”””D. Ángel Casal Moldes, como portavoz do Grupo Municipal Popular de Sanxenxo , e atendendo ao estipulado no artigo 16.3 do Regulamento Orgánico Municipal

EXPÓN

Que por mor da incorporación do concelleiro electo D. Maio Caldas Agís, tras a súa toma de posesión no Pleno Ordinario celebrado na Casa do Concello o pasado 29 de marzo de 2010, compre realizar as seguintes reestruturacións para adaptar as delegacións existentes á nova composición do equipo de goberno :

1.- D. Mario Caldas Agís, quen desempeña a Delegación de Servizos Xerais e Medio Ambiente, pasa a ocupar igualmente as suplencias nas tres comisións informativas conforme as viña ocupando a ex concelleira D^a. Susana Fernández Trelles, e na mesma orde.

2.- D. Manuel López Méndez, quen desempeña a Delegación de Facenda, Economía e Emprego, pasa a formar parte, como membro titular, da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio””””.

A Corporación dáse por enteira do contido do escrito.-----

405 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 22 DE MARZO AO 21 DE MAIO DE 2010 (DE RES. Nº 266/10 Á Nº 617/10) : A Sra. Presidenta expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía dictadas dende o 22 de Marzo ao 21 de Maio de 2010, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación dáse por enteira.-----

Seguidamente e, antes de pasar ao punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a trata-las seguintes

MOCIÓNS :

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Ángel Casal Moldes, indicou que retiraba a Moción do Grupo Popular, rexistrada de entrada no concello co número 4.011, referente a recortes salariais de cargos electos substituíndoa pola que presenta a continuación.

406 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (P.P.) EN RELACIÓN COS RECORTES SALARIAIS DOS CARGOS ELECTOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVAS E PARCIAIS : Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Ángel Casal Moldes, dáse lectura da moción que literalmente di :

“”””D. Ángel Casal Moldes, portavoz do Grupo Municipal Popular de Sanxenxo , ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para o seu debate e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o vindeiro día 31 de maio de 2010 a seguinte

MOCIÓN

No marco do Real Decreto Lei 8/2010, no que se adoptan medidas urxentes para a redución do déficit público o Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo acorda uns recortes salariais aplicando uns porcentaxes en función do salario bruto percibido que entrarán en vigor dende o mes de Xuño do presente ano sendo estas as seguintes:

1. Alcaldía-Presidencia, un recorte do 15,00 %
2. Concelleiros con dedicación exclusiva, un recorte do 10,00 %
3. Concelleiros con dedicación parcial, un recorte do 8,00 %
4. No relativo aos funcionarios eventuais, (persoal de confianza), a redución no seu salario será aquela que sexa de aplicación segundo o establecido no Real Decreto Lei aprobado polo Consello de Ministros celebrado o 20 de maio de 2010, publicado no BOE número 126, de 24 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reducir o déficit público.

O grupo de goberno do Partido Popular ven dando pasos dende o ano 2008, no senso dunha importante redución de gastos en diferentes areas como son as de representación da Corporación Municipal, a renuncia a correspondente subvención como grupo político desta corporación, así como a conxelación dos salarios dos membros do grupo de goberno, co gallo de implantar medidas que leven consigo a contención e redución do gasto dos órganos locais.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa aprobación se procede, o seguinte

ACORDO:

1.- Reducir a partires do 1 de xuño de 2010 e respecto das contías asignadas anteriormente as seguintes porcentaxes para os cargos que se citan:

- **Alcaldía. Réxime de dedicación exclusiva 15,00 % de redución.**
- **Concelleiros con réxime de dedicación exclusiva 10,00 % de redución.**
- **Concelleiros con réxime de dedicación parcial 8,00 % de redución.**

2.- Reducir as retribucións do persoal eventual con respecto das contías asignadas anteriormente, na porcentaxe que correspondan aos funcionarios cos que se equiparan a nivel retributivo; e dicir grupo C2 para o posto de secretaria adxunta e A1 para os tres restantes (Xerente de urbanismo, Secretario Xefe de Gabinete e Xefa de Gabinete de Prensa)””””.

O **Sr. Casal Moldes** xustificou a urxencia como consecuencia da entrada en vigor do RDL 8/10 que aprobou medidas urxentes, como os recortes salariais aos funcionarios públicos.

O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifestou que votaría a favor da urxencia porque este asunto xa tiña este carácter dende facía 3 anos.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O **Sr. Casal Moldes** xustificou a redución proposta na moción pola existencia do real decreto citado, engadindo que este acordo suporía en Sanxenxo unha nova redución, logo dos recortes xa efectuados no 2008.

O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que cando dende o goberno se falaba dun aforro de 130.000 euros esta cantidade era indicativa das contías das retribucións que agora se van a reducir. A **Sra. Alcaldesa** precisou que a cantidade citada polo Sr. Otero Domínguez aludía a todo o aforro incluíndo o persoal do concello.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, salientou que na semana pasada anunciou que ían a presentar unha moción sobre a redución salarial dos cargos políticos, logo, cando o equipo de goberno dixo que ían a presentar outra neste mesmo senso, decidiu non traer a pleno a súa.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que votaría a favor xa que este tipo de medida xa a solicitou fai tempo.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que cando se fala do soldo non se ten en conta o aforro que se causa ao concello en gastos de representación ao correr estes a cargo dos propios concelleiros con dedicación exclusiva ou parcial, o que demostra que este é un goberno austero, lembrando que o PP xa renunciou a asignación que lle correspondía como grupo político neste concello, esperando ver se algún outro partido facía o mesmo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** aludiu a que a Sra. Alcaldesa entraba noutro debate, porque ela non lle aforra nada ao concello e lembrou que nesta institución gaña moito máis do que percibía anteriormente. Engadiu que VIPS no seu día presentara unha moción para que as cantidades dos grupos políticos non se pagaran. A **Sra. Alcaldesa** interveu para dicirlle ao anterior concelleiro que presentara, por rexistro de entrada, un escrito de renuncia a esa asignación.

Ao non producirse ningunha intervención máis a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, pola unanimidade dos membros da Corporación presentes, resultou aprobada nos termos máis arriba transcrita.-----

407 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (P.P.) DE REXEITAMENTO AO ANUNCIO DO GOBERNO POLO QUE SE PROPÓN A CONXELACIÓN DAS PENSIÓNS (R. DE ENTRADA NUM. 4.012 DO 31/05/10) : Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Ángel Casal Moldes, dáse lectura da moción que literalmente di :

“”””As graves dificultades económicas e de paro que vive o noso país e o desmesurado déficit público, obrigan a adoptar medidas extraordinarias, tamén esixidas pola nosa pertenza á zona euro, que á súa vez atravesamos un período de inestabilidade ao que é preciso dar solucións coordinadas. Neste contexto o Presidente do Goberno anunciou o pasado 12 de maio no Congreso dos Deputados algunhas decisións que, de adoptarse, lesionarían inxusta e inxustificadamente a máis de 5 millóns de pensionistas españois, rompendo de paso un dos logros maiores da nosa democracia: o Pacto de Toledo.

Convén recordar que dito Pacto de Estado alcanzouse en 1995 entre todos os Grupos Parlamentarios, e mereceu o respaldo dos sindicatos en 1996 mediante o Acordo sobre consolidación e racionalización do sistema de pensións.

Estes acordos, froito dun amplo e responsable diálogo político e social, sacaron á nosa Seguridade Social da incerteza económica e garantiron un sólido compromiso de todos para facer viable e sostible a nosa Seguridade Social.

500.000 millóns de pesetas de déficit, inseguridade de poder cobrar as pensións e incerteza dos pensionistas para manter o seu poder adquisitivo foron, entre outras, razóns para que todos os partidos asumisen o Pacto de Toledo e as súas recomendacións.

A Lei 24/1997, de 16 de xullo, de consolidación e racionalización da Seguridade, foi resultado directo do Pacto de Toledo, cuxo cumprimento se quixo garantir coa participación de todos os Grupos Parlamentarios, constituíndo ao efecto unha Comisión no Congreso dos Deputados. Esta Comisión foi avaliando o cumprimento de compromisos e recomendacións desde entón e fíxoo con eficacia e con rigor baixo diversos gobernos.

Na actualidade está examinando un documento de data 29 de xaneiro de 2010, enviado polo Goberno para exame e debate, de modo que os acordos que puidesen alcanzarse desen lugar a aquelas reformas e modificacións legais pactadas entre todos os grupos políticos, sen esquecer a participación dos axentes sociais no proceso de diálogo social actualmente aberto.

O anuncio de recortes nos dereitos dos pensionistas, principalmente o dereito á revalorización en función do IPC (artigo 11 da Lei 24/1997, de 16 de xullo), vén romper o Pacto de Toledo, unha das máis importantes conquistas da nosa democracia. Estes recortes privan de dereitos a máis de cinco millóns de pensionistas e fainos retroceder aos tempos nos que o Goberno, segundo criterios de oportunidade e de conveniencia política, daba ou negaba a revalorización das pensións e, xa que logo, daba ou quitaba poder adquisitivo ás debilitadas economías dos pensionistas.

Produciríanse outros efectos adicionais e indesexables de empobrecemento para os pensionistas ao bloquear "sine die" a base sobre a que se actualizarían as pensións tras o bloqueo da súa contía que expón agora o Goberno.

A experiencia indica que este tipo de medidas, combinadas coa elevación de impostos, en especial o IVE (2 puntos de subida en xullo próximo), xeran problemas engadidos no consumo e no emprego, cuxa evolución, se non se corrixe con reformas adecuadas, porá en perigo os ingresos por cotizacións, que son esenciais para manter o noso sistema de Seguridade Social.

Todo elo, sen esquecer que a reforma anunciada polo Goberno afectará especialmente a Galicia, unha das CCAA que conta coas pensións mais baixas do conxunto de Estado

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular, eleva ao Pleno para a súa consideración a seguinte **MOCIÓN**:

1º) Instar ao Goberno da Nación a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas.

2º) Solicitar que se convoque a Comisión do Pacto de Toledo de modo urxente para renovar os traballos da mesma, a fin de que se acorden por todos os grupos as reformas que sexan necesarias para que se garanta a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social."''''''

O Sr. Casal Moldes xustificou a urxencia pola importancia da medida de conxelación das pensións que afecta a moitos veciños do concello.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O **Sr. Casal Moldes** subliñou que con esta medida se rompía o Pacto de Toledo para as pensións ao non negociarse antes e que con ela se produciría unha importante perda de poder adquisitivo dos pensionistas nun período de crise.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, dixo que nesta moción, non como noutras anteriores, se incluía un apartado respecto das pensións galegas e o seu desfase con respecto as do resto do Estado, que aínda non se solucionou, esperando que o PP de Galicia defenda os intereses dos pensionistas galegos.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, indicou que o Partido Popular non tiña memoria, posto que na súa época de goberno apenas se revalorizaron as pensións aparte do incremento do IPC anual e tamén houbo unha conxelación salarial para os funcionarios co obxectivo de cumprir os requisitos de converxencia, lembrando que o xefe do PP manifestou que estaba de acordo en conxelar as pensións se se recortaban as subvencións aos partidos políticos. Por último sinalou que con este goberno as pensións incrementáronse aproximadamente nun 50%.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, consideraba un dereito a actualización anual das pensións co IPC e de repente, foi retirada sen negociacións, conxelando o poder adquisitivo dos pensionistas. Gustaríalle que a esta moción se lle engadira un punto referente a solicitude do aprazamento da entrada en vigor do IVE, presentada por el mesmo facía un tempo e que aínda non se tratou, de xeito que, si aceptaban a inclusión deste punto, el retiraría a moción.

O **Sr. Casal Moldes** indicou que parecía que a cercanía da perda do poder en Madrid producía nerviosismo no partido socialista e lembrou que cando o PP entrou no goberno a caixa das pensións estaba nunha situación moi complicada, engadindo que o que non fixo ningún Presidente, ata este, foi non revalorizalas pensións.

A **Sra. Agúin Pombo** sinalou que o PP non poder dar leccións de política social cando foi o goberno do PSOE o que aprobou as pensións non contributivas, lamentando que pola culpa da crise fora necesario realizar, con carácter temporal, este tipo de medidas. Respecto do aprazamento do IVE lembrou que España é un dos países co tipo máis baixo dentro da Unión Europea e que aproximadamente un 50% dos ingresos do IVE proveñen dun tipo que non se altera.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** salientou que non esperaba que o Partido Socialista aprobara a súa proposta de aprazamento do incremento do IVE e engadiu que retiraba a moción presentada co rexistro de entrada núm. 1742 se se aceptaba a inclusión do texto dispositivo da mesma como novo punto desta moción.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que se aceptaba a inclusión do punto solicitado polo Grupo Mixto e dixo que, probablemente, o PP cando chegue ao goberno teña que tomar medidas drásticas para corrixir o despilfarro do PSOE, non sendo o momento actual, coa subida do IVE, o apropiado para tomar este tipo de medidas, lembrando tamén a dificultade en que se sitúa a lei de dependencia como consecuencia da necesidade de aportar financiamento para desarrollala.

Ao non producirse ningunha intervención máis a **Sra. Presidenta** someteu a votación a moción co engadido presentado polo **Grupo Municipal Mixto**, na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor** : trece (**Grupo Municipal do P.P., Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Mixto**).

Votos en **contra** : tres (**Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**)

Votos pola **abstención** : cero

En consecuencia a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación nos seguintes termos:

1º) Instar ao Goberno da Nación a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas.

2º) Solicitar que se convoque a Comisión do Pacto de Toledo de modo urxente para renovar os traballos da mesma, a fin de que se acorden por todos os grupos as reformas que sexan necesarias para que se garanta a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.

3º) Dirixirse ao Goberno e ao Congreso dos Deputados para que a subida do I.V.E., prevista a partires do 1º de Xullo próximo, se pospoña como mínimo 3 meses, ante a atonía económica que estamos padecendo.-----

408 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO DO ESTADO : Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. David Otero Domínguez, dáse lectura da moción que literalmente di :

“”””D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

EXPÓN

As medidas que en materia de política económica fixo públicas o goberno do Estado e que se aprobaron en Consello de Ministros o 20 de maio, coas que se pretende reducir o déficit público, concréntanse, entre outros aspectos, na conxelación das pensións contributivas para 2011, na redución do salario dos funcionarios e funcionarias nun 5%, na negativa a que se cobre retroactivamente as axudas estabelecidas na Lei da Dependencia e na supresión do cheque-bebe. Son medidas que significan claros recortes sociais e diminúen o poder adquisitivo da maioría da poboación, e polo tanto reducen o seu poder de compra, o que vai dificultar un aumento do consumo e da demanda interna que son fundamentais para saír da crise.

A redución salarial aos funcionarios e funcionarias é unha medida demagóxica, na liña de que non todos os traballadores e traballadoras da función pública teñen o mesmo salario, non pasando moitos deles dos 700 euros e non superando o 53% deles os 1000 euros mensuais, pero tamén agocha unha intencionalidade nefasta para o conxunto da sociedade pois significa avanzar na privatización dos servizos públicos. Mesmamente pártese dunha premisa falsa de que o sector público está sobredimensionado, cando o número de traballadores e traballadoras públicos no Estado é inferior á media da Unión Europea, e que vai dificultar a reactivación económica posto que significa perda do poder adquisitivo e iso vai afectar ao comercio, a hostalería e ao conxunto da actividade económica.

A decisión de conxelar en 2011 as pensións contributivas resulta particularmente gravosa en Galiza, xa que contamos cunha poboación envellecida, e as pensións galegas xa se sitúan a cola do Estado. Nesta liña hai que lembrar que son precisamente as persoas pensionistas as que se sitúan na cabeza dos índices de pobreza en Galiza, na medida que boa parte dos nosos xubilados e xubiladas cotizaron no réxime especial agrario polo que as súas pensión son baixas.

A supresión das políticas de apoio a natalidade, con independencia de que na súa formulación actual non se atendese a criterios de progresividade e de renda, son necesarias, se atendemos aos problemas demográficos e á necesidade de impulsar a renovación xeracional. Neste sentido consideramos que son precisamente nos momentos de crise económica, cando é máis necesaria a posta en marcha de políticas activas nesta materia polo que consideramos absolutamente inoportuno a supresión do “cheque-bebe”, se ben defendemos a súa reformulación a fin de que só algúns tramos de rendas se beneficien do mesmo.

Tamén son especialmente negativas o resto de medidas, nomeadamente a supresión da reactividade no pago das axudas á dependencia, o que significa a alteración mesmo da normativa pola que se implementa esta lei.

O BNG considera que este paquete de medidas económicas, responden a lóxica da dereita, de pretender transferirle o custo da crise económica as clases traballadoras e aos sectores sociais máis desfavorecidos economicamente, precisamente a aquelas persoas que non tiveron ningunha responsabilidade na crise que se está a vivir e que tampouco se beneficiaron do crecemento especulativo que provocou esta situación. Hai outras saídas a crise económica, pero as propostas do Goberno entroncan directamente coas políticas do mesmo paradigma neoliberal que provocou a crise.

Hai outras políticas que permiten conter o déficit sen reducir prestacións e servizos sociais. Debe impulsarse a austeridade do gasto público vinculado a un adelgazamento da estrutura administrativa no Estado. Son necesarias medidas como a supresión de Ministerios con competencias cedidas ás Comunidades Autónomas e a supresión das Deputacións Provinciais. Ademais, no gasto militar existe moito marxe para a súa redución, nomeadamente no relativo á presenza de tropas españolas en ocupacións militares noutros países. Pero tamén se pode conter e reducir o déficit mediante un incremento dos ingresos, impulsando unha reforma fiscal que incremente a xustiza, e polo tanto o carácter progresivo do sistema, gravando máis a quen máis ten.

As medidas contidas no Decreto van agravar a situación económica. A perda do poder adquisitivo significa automaticamente unha baixa no consumo o que atrasará a recuperación económica, tal e como recoñeceu o presidente do Goberno. A prioridade do Goberno do Estado ten que ser o impulso ao crecemento económico e ás medidas de loita contra o desemprego, e non someterse ao ditado dos mercados.

Esas mesmas prioridades son as que deben guiar a acción da Xunta de Galiza. A total ausencia dunha Xunta que non está nin se lle espera só se ve rachada polas políticas de destrución e privatización de servizos públicos e recortes sociais. A consecuencia destas políticas vímolos no primeiro trimestre de 2010, onde Galiza é a comunidade que máis incrementa a súa taxa de paro.

Polo tanto, tamén temos que exixir do Goberno galego un xiro de 180 grados, de xeito que garanta os servizos e as prestacións públicas, e impulse medidas activas para dinamizar a economía e os sectores produtivos, así como para reverter a gravísima tendencia que está a amosar o paro no noso país.

Por iso, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación municipal adoptar o seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a retirar de xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras.

2. Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas:

a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais.

b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.

c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recollendo as seguintes medidas: introdución dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatus xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra a fraude e a evasión fiscal.

- d) Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introdución dun imposto que grave os movementos especulativos de capital.
- e) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto de prestacións públicas.
- f) Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro.

3. Instar á Xunta de Galiza a:

- a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.
- b) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego””””.

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia pola necesidade de adoptar medidas eficaces para intentar saír da crise derivada dun sistema especulativo e pola responsabilidade que tamén teñen os gobernos autonómicos no exercizo das súas competencias.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O **Sr. Otero Domínguez** reiterou os argumentos expostos na moción e na súa alocución anterior subliñando que son medidas necesarias, independentemente do parlamento que teña que aprobalas.

A **Sra. Alcaldesa**, aínda que está de acordo con algunhas das medidas propostas na moción, anunciou que o grupo popular votaría en contra pola demagogia que teñen outras iniciativas, facendo referencia a importancia que ten a Deputación posto que, se este ente pechara, moitos concellos pequenos se atoparían en problemas ao igual que para aplicar a lei de dependencia se non estivera a consellería competente da Xunta ou a situación en que se atoparían moitas pequenas empresas senón fora polos avais que está outorgando a Consellería de Industria.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que votaría en contra por motivos xa expostos en anteriores mocións.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** incidiu na importancia en que se presentaran as mocións con anterioridade suficiente para poder estudialas e tomar as decisións oportunas, por exemplo esta moción ten moitos puntos e como en liñas xerais está de acordo, vai a votar a favor.

Ao non producirse ningunha intervención máis a **Sra. Presidenta** someteu a votación a moción, na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : catro (Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Mixto)
Votos en contra : doce (Grupo Municipal do P.P e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)
Votos pola abstención : cero

En consecuencia non resultou aprobada a presente moción.-----

409 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) PARA QUE SE SOLICITE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, PARA QUE SUBSTITUÍA A CAPA DE RODADURA NO TRAMO DA PO-308 NO LUGAR DE OS COTOS NA PARROQUIA DE DORRÓN : Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. David Otero Domínguez, dáse lectura da moción que literalmente di :

“””David Otero domínguez, voceiro do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPON:

Esta pasada semana produciuse de novo un accidente de tráfico no tramo da estrada PO-308 no lugar dos cotos en Dorrón, nun tramo de curva que xa acumula numerosos sinistros, algún deles con resultado de morte.

O 28 de Xullo do 2.009, o Bloque Nacionalista Galego presentou unha moción que foi aprobada por unanimidade na que se pedía a elaboración de un informe de revisión integral de seguridade viaria, así como as medidas pertinentes que reducisen a sinistralidade nesa estrada.

A medidas adoptadas ata o día de hoxe no que nese tramo se refire son claramente insuficientes, unha mera sinalización e atribuír a causa dos accidentes á velocidade excesiva non convence nin ao noso grupo nin tampouco aos veciños e veciñas da zona.

Somos coñecedores da elaboración de un informe que avaliou a calidade do pavimento, e foron as conclusións deste informe nas que se baseou a Consellaría de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas para determinar que unha sinalización que limitase a velocidade sería suficiente medida.

Dende a cidadanía observase con gran preocupación que en moitas ocasións os gobernos adoptan medidas de seguridade viaria despois de que se produzan tráxicos accidentes, tomando decisión de forma apresurada en función do impacto causado na opinión pública, exemplo desto son o anuncio do desdoblamento da vía rápida do Salnés, ao igual que na comarca do Barbanza, recentemente se falou do desdoblamento da vía do Morrazo... Todos eles despois de que se producisen graves accidentes.

Dende o BNG cremos que polo principio de cautela, non debemos agardar a que suceda outro accidente máis, outra desgraza máis, para adoptar todas as medidas precisas e apelamos á responsabilidade desta corporación para tomar este acordo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita que o Pleno da Corporación a que adopte o seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Consellaría de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas para levar a cabo unha actuación de substitución da capa de rodadura neste tramo da PO-308, ademais das medidas necesarias para dar solucións aos problemas de seguridade viaria no devandito tramo.
2. Levar a cabo esta actuación antes de comezar a tempada de verán”””””.

O Sr. Otero Domínguez xustificou a urxencia polos reiterados accidentes que se producen neste punto e a necesidade de evitalos, lembrando que o BNG xa o denunciou anteriormente e as medidas adoptadas ata agora, son insuficientes, tratándose un auténtico punto negro que coa choiva vólvese aínda máis perigoso.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que o PP votaría favor da moción e dixo que xa se fixo un estudo do pavimento e se sinalizou para evitar a circulación con velocidade excesiva pero reconece que é necesario seguir buscando solucións porque as adoptadas ata o de agora non chegan.

A **Sra. Agúin Pombo** sinalou que non era certo, xa que viu o proxecto e nel xa figuran delimitadas as partidas e as valoracións.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que aquel proxecto non responde á realidade e tivo que realizarse unha licitación para adaptalo a aquela, contrastando os datos co catastro, engadindo que se ensinará o proxecto cando teñan os datos.

A continuación a **Sra. Alcaldesa** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que non foi apreciada ao obter **7 votos a favor do Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto e 9 votos en contra do Grupo Municipal do P.P.**-----

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que as súas mocións quedaban sen tratar cando eran máis antigas que as xa debatidas, o que lle parecía inxusto.

A **Sra. Alcaldesa** subliñou que era necesario levar unha orde no desenvolvemento do pleno para o debate das mocións en base a cal se trataban as mocións dos distintos grupos.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e catro horas, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE** :